


EXPTE Nº: 14L/2015 – E.L.-PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVICIOS 2015 (PPOS 2015):
OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DA ZONA DE APARCAMENTO DA PRAIA DE AREAS”.
ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En data 27 de xuño de 2016, por resolución desta alcaldía, foi aprobado o proxecto “Modificado do acondicionamento da zona de aparcamento existente, anexa á praia de Areas”.

En data 1 de xullo de 2016, dase conta á Deputación Provincial de Pontevedra, administración concedente da subvención por importe de 51.016,75 euros, ao abeiro do PPOS/15, do proxecto modificado, mediante oficio da alcaldía de data 28 de xuño de 2016 (saída nº 2893 de 30/06/16).

O enxeñeiro técnico municipal, asina a Acta de replanteo do proxecto modificado o 1 de xullo de 2016.



En data 29 de setembro de 2016 e co nº 10254, ten entrada no rexistro xeral do Concello de Sanxenxo, a resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, de autorización do proxecto modificado.

Á vista da autorización concedida, por resolución desta alcaldía de data 4 de outubro, é incoado o expediente de contratación das obras de referencia.

De acordo co disposto na proposta do concelleiro de xestión e planificación urbanística e infraestruturas de data 5 de outubro de 2016, mediante oficio desta alcaldía da mesma data, cúrsase invitación a Construcciones obras y Viales SA (COVSA), que en data 10 de outubro de 2016 e co nº de saída 10646 presenta oferta e demais documentación requirida.

Á vista do anterior, esta alcaldía, no uso das atribucións concedidas, resolve:

Primeiro: Adxudicar a execución das obras de “Acondicionamento da zona de aparcamento existente, anexa á praia de Areas”, á empresa “CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A (COVSA), de acordo á oferta presentada, polo importe de CINCUENTA E UN MIL DEZASEIS EUROS CON SETENTA E CINCO CÉNTIMOS (51.016,75 €) (IVE engadido).

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 17004 / 60100 por un importe de 51.016,75 Euros. (Obra no expediente documento de retención de crédito “RC” de data 14 de xuño de 2016, nº de operación 9812 e importe 51.016,75 €).

Terceiro: No prazo máximo de quince (15) días hábiles, a contar dende o seguinte ó da notificación da presente resolución, formalizarse en documento

administrativo o contrato respectivo, no que se deberá integrar o prazo de garantía dun ano, a contar dende a data do remate das obras. Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias nas obras executadas antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta alcaldía aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista polo importe das deficiencias existentes na obra, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Cuarto: Unha vez formalizado o contacto e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de **quince (15) días naturais** dende a sinatura do contrato, un **Plan de Seguridade e Saúde** na execución da obra, en aplicación do Estudo de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24-X, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras. O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde, aprobarase, se procede, pola Presidencia ou concelleiro/a en quen delegue, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan.

Quinto: Dentro do prazo de **quince (15) días naturais** dende a formalización do contrato o Director procederá, en presenza do contratista, a efectuar a **comprobación do replanteo**, estendéndose acta do resultado que asinarase polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

Sexto: As instrucións da Deputación Provincial, que tiveron entrada neste concello o 26 de xullo de 2016 co nº 8002, referíanse ás obras do Plan Concellos 2016. A obra obxecto da presente adxudicación, está ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (PPOS 15). Non obstante **o órgano de contratación procederá igualmente a comunicar aos técnicos provinciais**, do Servizo de cooperación da Deputación Provincial, **cun mínimo de SETE (7) DÍAS NATURAIS, a data, hora e lugar do acto de comprobación do replanteo das obras**, para que poidan estar presentes. A estes efectos e seguindo instrucións telefónicas de Don Don Sergio F. Bastianello, serán o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Don Eugenio J. Marcote Carballo ou o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e Don Sergio F. Bastianello, aos que se lle comunique o anteriormente sinalado, a través dos seguintes correos electrónicos:

eugenio.marcote@depo.es
608.69.64.46

sergio.bastianelli@depo.es
669.33.52.45

Dada en Sanxenxo a once de outubro de dous mil dezaseis

O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario xeral

Ángel Luís López Pita

